



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN AIRIÑOS DO RÍO GRANDE PARA A PROMOCIÓN DA DANZA TRADICIONAL EN VIMIANZO NO ANO 2024

EXP.TEDEC: 2024/A005/000003

ANTECEDENTES

Visto que o día 3 de maio se asina o convenio de colaboración entre o concello de Vimianzo e a Asociación Airiños do Río grande para o fomento e promoción da danza tradicional en Vimianzo con actividades formativas e lúdicas durante durante o ano 2024.

Vista a solicitude presentada o día 19 de xullo pola Asociación Airiños do Río Grande para o abono do 60% da contía total da axuda, segundo o establecido na cláusula quinta do convenio de colaboración.

Visto informe da técnica de cultura con data 23 de xullo, polo que se comproba que a entidade se atopa ao corrente coas obrigas tributarias coa Facenda Pública e coa Seguridade Social

Visto informe da Deputación polo que se comproba que a entidade se atopa ao corrente de pago coas obrigas tributarias cos Deputación da Coruña.

Visto informe de tesouraría do concello de Vimianzo con data 23 de xullo, polo que se comproba que a entidade se atopa ao corrente coas obrigas co concello.

Visto informe emitido pola Intervención municipal con data 23 de xullo, en sentido favorable

Visto canto antecede e tendo en conta o previsto no art. 21,1,S de LBRL., esta Alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO.- Autorizar o gasto por importe total de mil euros (1000€) con cargo á aplicación orzamentaria 341.48102, segundo se establece na cláusula segunda do convenio; e recoñecer a obriga e realizar o pago na porcentaxe do 60% da contía total indicada en concepto de pago anticipado (600€), de conformidade co establecido na cláusula quinta do convenio.

A porcentaxe do 40 % restante, aboarase, logo de que se efectúe a debida xustificación por parte da entidade.

SEGUNDO.- A subvención concédense condicionada a facer constar na documentación, soporte impreso ou publicidade de todo tipo referente ás actividades subvencionadas, que as mesmas se realizan coa financiamento do Concello de Vimianzo.

TERCEIRO.- Indicarlle á entidade beneficiaria desta subvención que para o pagamento das axudas deberán dar cumprimento ao sinalado na cláusula sexta do convenio.

CUARTO.- Dar conta desta Resolución na vindeira sesión ordinaria do Pleno do Concello.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa en Vimianzo, do que eu, secretario do concello de Vimianzo dou fe.

A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado electrónicamente)

O Secretario
Francisco Javier Novoa Juíz